

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 25 DE OUTUBRO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Telefónica Mviles España, S.A.U., Orange Espagne, S.A.U., Vodafone España, S.A.U. e Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. para a constitución do Nodo de Cooperación 5G de Galicia e a realización de diversas probas de concepto no eido do 5G na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total máximo de cincocentos mil euros (500.000 €).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se aproba o texto do Anteproxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Universidade de Vigo a través da Escola de Enxañería de Minas e Enerxía para a elaboración dunha guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, por un importe de cincuenta e sete mil novecentos euros (57.900 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade do Algarve (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución da convocatoria para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural.
- Informe sobre os acordos para desenvolver proxectos de biomasa nos edificios da Xunta de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a campaña de verán 2018 en campamentos da Xunta de Galicia.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables convocadas no 2018.

## **EDUCACIÓN ESTABLECE OS CURRÍCULOS DAS ENSINANZAS DEPORTIVAS SUPERIORES DE PIRAGÜISMO**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos decretos polos que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional establece os currículos dos ciclos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas. Deste xeito, quedan reguladas estas ensinanzas deportivas en Galicia, das cales xa se aprobaron os currículos correspondentes a técnico deportivo, o que fai posible a capacitación dos titulados nestas disciplinas a través dunha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico que vincule o proceso de aprendizaxe á realidade social deste ámbito.

En todos os casos os títulos obtidos terán unha equivalencia a ensinanzas de formación profesional de grao superior, cunha duración de 755 horas en cada un deles.

### **Competencias e ocupación**

O título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas terá como especializacións o piragüismo adaptado de augas bravas, o estilo libre e o ráfing. No caso dos que cursen o ciclo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, poderán especializarse en piragüismo adaptado de augas tranquilas, maratón, *Surf ski*, ou en *Dragón boat*.

As competencias profesionais, persoais e sociais destes ciclos serán as de planificar e programar o adestramento de cara ao alto rendemento, incluíndo a xestión dos recursos e a orientación e valoración dos deportistas de acordo coas exixencias do alto nivel. Ademais, poderá acompañar as deportistas ás competicións, participar no seu deseño e organización, controlar a seguridade e seleccionar o material de competición, entre outras tarefas. Así mesmo, estes técnicos superiores estarán capacitados para participar na formación do persoal técnico deportivo e organizar os recursos materiais, nunha escola de piragüismo, establecendo as programacións de referencia.

Deste xeito, as ocupacións máis relevantes para os técnicos deportivos superiores en Piragüismo de Augas Bravas son as de adestrador ou adestradora de Piragüismo de Augas Bravas de alto nivel e director ou directora técnica ou de escolas deportivas. No referido aos titulados en Piragüismo de Augas Tranquilas, os postos de traballo máis acaídos son os de adestrador ou adestradora de Piragüismo de Augas Tranquilas de alto nivel e director ou directora técnica ou de escolas deportivas.

## SANIDADE REGULA A TITULARIDADE E OS DEREITOS DE EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DESENVOLVIDA NO MARCO SANITARIO

- *Por primeira vez regúlanse estas materias na nosa comunidade autónoma*
- *Galicia convértese nunha das primeiras comunidades do estado en regular especificamente esta materia no ámbito sanitario de acordo coa normativa básica estatal*
- *O decreto aborda tamén a titularidade e protección dos resultados da investigación e o procedemento de constitución e participación en spin-offs e as condicións en que os investigadores poden prestar os seus servizos nestas*

O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia. Neste sentido, o decreto define a titularidade e protección dos resultados da investigación, o dereito á participación nos beneficios e o procedemento de creación e participación en spin-offs.

A investigación e innovación adquiren sentido cando se logra transferir os seus resultados en beneficio da cidadanía. Con este obxectivo, a norma aprobada hoxe pretende aproveitar e xestionar eficientemente estes resultados favorecendo o xurdimento de novas iniciativas empresariais e de emprendemento que contribúan a mellorar a saúde da poboación e a achegar riqueza.

Este decreto aplicarase a todas as actividades e resultados da investigación, desenvolvemento e innovación sanitaria do persoal investigador da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como das entidades instrumentais da súa titularidade. Por primeira vez regúlanse estas materias na nosa comunidade autónoma e, ademais, Galicia convértese nunha das primeiras comunidades do estado en regular estas materias concretamente para o ámbito sanitario conforme a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

### **Titularidade, beneficios e transferencia dos coñecementos**

Con respecto dá titularidade e protección dos resultados da investigación e da innovación obtidos polo persoal investigador do Sistema público de Saúde Galicia, o decreto determina que corresponderá á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou ás entidades instrumentais para as que o persoal investigador preste os seus servizos.

O dereito á participación nos beneficios obtidos é outro dos temas recollidos nesta normativa, que establece que a distribución será do 50% para o persoal investigador

---

que teña a consideración de autor ou inventor dos resultados da investigación e o 30% para a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde ou as súas entidades instrumentais, a través do centro onde preste os seus servizos o persoal investigador. O 20% restante irá destinado á promoción de actividades de I+D+i sanitaria, as cales serán xestionadas pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

As actuacións dirixidas a que os resultados da investigación cheguen ao mercado e á cidadanía coñécese como valorización e transferencia. O decreto determina que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) será a encargada de deseñar, xestionar e executar a estratexia para a protección, valorización e transferencia dos resultados da investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.

ACIS tamén xestionará a explotación comercial dos resultados a través de varias fórmulas, previa consulta, se é o seu caso, co persoal titular da investigación. Estas fórmulas poderán ser a licenza ou cesión dos dereitos a favor dun terceiro sen vinculación co Sistema público de saúde de Galicia, ou a creación ou participación nunha spin-off a que se lle outorgará unha licenza para a explotación comercial destes resultados. O decreto tamén recolle a autorización do persoal investigador para prestar servizos nestas spin-off.

## A XUNTA PON EN MARCHA O NODO DE COOPERACIÓN 5G PARA IMPULSAR A REALIZACIÓN DE PROTOTIPOS BASEADOS NESTA TECNOLOXÍA EN GALICIA

- *Coordinado polo operador público Retegal, estará integrado polos operadores Telefónica, Vodafone e Orange, que realizarán prototipos baseados neste tipo de redes*
- *No período 2019-2020 lanzaranse as primeiras probas de concepto empregando o 5G para situar a Comunidade como territorio piloto destas solucións*
- *Entre os ámbitos prioritarios de aplicación desta tecnoloxía están a transformación dixital do rural, os wereables para a atención a persoas maiores, o vehículo conectado ou o impulso a industria 5G*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración que permitirá a posta en marcha do Nodo de cooperación rexional 5G. Esta é unha das medidas principais do Plan Galicia 5G, aprobado polo Goberno galego o pasado mes de xullo, para posicionar a Comunidade como territorio preferente na pilotaxe de solucións innovadoras baseadas nesta tecnoloxía, o paso previo ao despregamento destas redes.

Nos vindeiros días asinarase o acordo entre Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o operador público Retegal e os operadores Telefónica, Vodafone e Orange, que se creará cun orzamento mínimo de 2 millóns de euros.

Baixo a coordinación de Retegal, os tres operadores asinantes realizarán, cada un deles, polo menos dous prototipos, baseados nesta tecnoloxía, nalgunha das áreas aplicación prioritarias identificadas no Plan Galicia 5G.

Os operadores desenvolverán estes pilotos en colaboración coas a empresas tecnolóxicas e os potenciais clientes das solución e lanzarán as primeiras probas de concepto no período 2019-2020.

### **Posibles ámbitos de aplicación en Galicia**

O Plan 5G ten identificados diferentes ámbitos prioritarios para a aplicación desta tecnoloxía en Galicia: o ámbito rural para impulsar a súa transformación dixital; a mellora na atención a persoas maiores ou enfermos crónicos grazas a wereables con sensores biométricos; a prestación de servizos médicos a distancia; o vehículo conectado; o impulso a industria 5G; servizos turísticos máis especializados, a mellora da eficiencia e xestión das infraestruturas portuarias, aplicacións para as infraestruturas de transporte ou novas oportunidades na xeración de contidos aplicables tanto ao consumo televisivo como á Educación.

### **Principais obxectivos do Plan 5G**

A Xunta de Galicia puxo en marcha o pasado mes de xullo o Plan Galicia 5G, complementario ás medidas europeas e estatais, cun dobre obxectivo: por unha banda, que Galicia sexa das primeiras rexións europeas en dispoñer de servizos 5G e, por outra, que o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica en equipamento e software necesario para desenvolver posibles casos de uso desta tecnoloxía se localice en Galicia.

### **Fortalezas do ecosistema 5G de Galicia**

Galicia conta con diferentes capacidades para posicionarse no desenvolvemento de casos de uso que faciliten o despregamento destas redes nunha fase posterior. Unha destas fortalezas é o hipersector TIC galego, formado por preto de 3.400 empresas e máis de 21.000 profesionais cun valor engadido bruto duns 1.200 millóns de euros, un 2,1% do PIB galego.

Ademais, na Comunidade conta con universidades e centros tecnolóxicos galegos de primeira orde en ámbitos coma as telecomunicacións, supercomputación ou a automoción internacional.

Tamén existen proxectos innovadores directamente relacionados coas tecnoloxías 5G. É o caso do corredoiro entre Vigo e Oporto para realizar ensaios transfronterizos sobre o vehículo conectado ou o existencia dun Consorcio Aeronáutico de Galicia e a Civil UAV Initiative no polo das Rozas.

Ademais, Galicia é a terceira comunidade autónoma con máis cobertura de redes 4G, só por detrás de Madrid e País Vasco, o que pode facilitar a penetración futura de servizos 5G. A existencia dun operador público neutro, Retegal, con capacidade para facilitar e racionalizar os despregamentos de rede, é outro dos factores a favor da Comunidade.

## A PRIMEIRA LEI DE REHABILITACIÓN DE GALICIA AXILIZARÁ A TRAMITACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DE NÚCLEOS HISTÓRICOS E NÚCLEOS RURAIS

- *O Consello da Xunta ratificou o texto e trasladou os avances na tramitación desta normativa, cuxo paso seguinte será a súa remisión ao Consello Económico e Social*
- *Unha das novidades é que por primeira vez se establece un réxime sancionador para loitar contra as pintadas en edificacións históricas*
- *Tamén pretende axilizar as intervencións no Camiño de Santiago, coa concesión de licenzas directas sempre que a rehabilitación dunha vivenda non afecte elementos especificamente protexidos; condicións que se estenden aos núcleos rurais e urbanos con algún tipo de protección patrimonial*
- *Tamén se amplían os supostos para a concesión de licenzas directas por parte dos concellos, para fomentar a rehabilitación e simplificar os procesos*
- *O obxectivo da norma é acadar unha Galicia máis atractiva para vivir, traballar e visitar, facilitando a recuperación do construído, fomentando a cultura da rehabilitación e impulsando a dinamización económica, social e demográfica*

A futura Lei de rehabilitación, primeira de Galicia, axilizará a tramitación para a recuperación de núcleos históricos e núcleos rurais. Esta é unha das principais novidades que recollerá o texto que esta mañá foi ratificado polo Consello da Xunta de Galicia, previamente ao seu envío ao Consello Económico e Social para súa consulta e consideración.

Tal e como se establecerá no seu articulado, a Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, elaborada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, prevé tamén a simplificación dos trámites de intervención nas vivendas situadas nos Camiños de Santiago. Neste sentido, no caso de que se pretenda levar a cabo unha rehabilitación dun inmovible neste ámbito, concederáse unha licenza directa, sempre que non afecte elementos especificamente protexidos. Estes supostos rexerán tamén nos núcleos rurais e urbanos con algún tipo de protección patrimonial.

Ademais, amplíanse os supostos de concesión de licenzas directas por parte dos concellos, sen necesidade de contar coa autorización previa da Administración autonómica, para traballos como cambio de cuberta, actuacións en carpintarías exteriores, en fachadas ou no interior das edificacións, sempre que non afecten valores protexidos.



Outra das novidades que incorporará o futuro texto é que por primeira vez se establece un réxime sancionar específico para loitar contra aquelas pintadas e 'graffitis' que se produzan nas edificacións históricas ou ámbitos protexidos.

### **Ámbitos de actuación**

A normativa na que traballa a Xunta diferencia dous ámbitos de actuación: a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbana. No primeiro caso, comprende as actuacións de recuperación de edificios deteriorados ou que non reúnan os requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e a habitabilidade. Nese sentido, mantense a aposta polas áreas de rehabilitación integral para aquelas intervencións que afecten edificios e vivendas dun ámbito declarado, podendo preverse a urbanización dos seus espazos públicos.

En relación coa rexeneración urbana, refírese a actuacións que afectan tanto edificios como tecidos urbanos, podendo chegar a incluír obras de nova edificación en substitución de inmobles previamente demolidos e procurándose programas de actuación de carácter integral, con implicacións sociais e económicas.

### **Ferramentas da lei**

A primeira Lei de rehabilitación de Galicia tamén estará acompañada dun paquete de medidas. Por unha banda, aquelas que axilizarán trámites, eliminación de trabas e coordinación administrativa. A modo de exemplo, destaca a declaración de áreas Rexurbe, pensada para dar resposta á situación que presentan os ámbitos urbanos especialmente degradados que precisan dunha rápida intervención, tanto no plano edificatorio como no social, ambiental e económico; para o que se contará cun Centro Rexurbe, que tramite e coordine as actuacións de rehabilitación e dun Fondo Rexurbe, para o financiamento dos proxectos de rehabilitación integral.

De feito, naqueles casos concretos de edificios ou conxuntos de edificios en que sexa necesario ou recomendable proceder a unha intervención inmediata, ábrese a posibilidade de declarar a utilidade pública e urxente ocupación.

Por outra banda, medidas de carácter financeiro, que determinarán os investimentos e fondos das administracións para as políticas de rehabilitación, as axudas financeiras e os incentivos indirectos, como as desgravacións fiscais.

O obxectivo da norma é acadar unha Galicia máis atractiva para vivir, traballar e visitar, facilitando a recuperación do construído, fomentando a cultura da rehabilitación e impulsando a dinamización económica, social e demográfica; é dicir, compatibilizando a protección do patrimonio coas condicións de habitabilidade.

Trátase de impulsar a recuperación de núcleos históricos e núcleos rurais que se atopan degradados co fin de convertelos en lugares de dinamización e revitalización económica e social, ao tempo que se conserva e protexe a paisaxe, se pondera o xa construído e se reduce a presión urbanizadora sobre a contorna.

Coa futura Lei de rehabilitación e rexeneración urbana de Galicia, que se prevé remitir ao Parlamento antes de finais de ano, a Xunta quere avanzar un paso máis no fomento da cultura da rehabilitación, como unha alternativa para mellorar a calidade de vida dos galegos, conservando as paisaxes galegas e xerando oportunidades de desenvolvemento. Nese sentido, desde a Xunta deféndese a idea de que non hai maior desprotección que o abandono do patrimonio construído.

## MEDIO AMBIENTE INICIA A REDACCIÓN DA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá un convenio de colaboración entre a Xunta, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Universidade de Vigo por un importe de case 58.000 euros*
- *Nesta guía indícaranse medidas de integración para os labores previos, durante a explotación, para a integración das instalacións e dos residuos, así como para o deseño dun plan de restauración ao remate da explotación*
- *Este traballo sumarase as xa editadas pola Xunta de Galicia, como a Guía de cores e materiais de Galicia ou para intervencións nos sistemas praia-duna*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración para a redacción da Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, por un importe de case 58.000 euros. Esta guía dá resposta ao obxectivo de elaborar instrumentos específicos para a xestión da paisaxe recollidos na planificación da Estratexia da paisaxe galega 2017-2020 e formará parte da Colección paisaxe galega, que está integrada por documentos de carácter técnico, como guías ou manuais, sobre temáticas concretas que teñen o obxectivo de establecer criterios sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación.

A Xunta de Galicia -a través do Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas-, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía, da Universidade de Vigo, colaborarán na redacción da guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, coa que se proporcionará unha ferramenta que axude á integración na paisaxe, con criterios de calidade, deste tipo de actividades, servindo así para avaliar e mellorar a calidade da paisaxe galega.

Esta guía referirase ás medidas de integración paisaxística en explotacións mineiras e extractivas, distinguindo entre as fases ou obxectos principais do proceso. Así, definiranse medidas de integración durante os labores previos e o proceso de investigación; medidas de integración durante o proceso de explotación, incluíndo a selección das zonas de extracción e o método de explotación; a localización e medidas de integración das instalacións e establecementos; medidas de integración das instalacións e residuos mineiros e criterios para o deseño do plan de restauración tras a finalización da explotación.

Estudaranse os diferentes tipos de recursos (rochas ornamentais, minerais, recursos enerxéticos, gravas e areas, auga etc.) para o que se recompilarán solucións empregadas, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional, documentando aquelas solucións que teñan acadado mellores resultados no que se refire á integración paisaxística.

Como resultado deste estudo, a guía detallará as solucións que se consideren máis interesantes para a súa aplicación en Galicia, indicando para cada unha o tipo de explotación á que se aplicaría, o tipo de medida (preventiva, correctora, compensatoria) e a descrición das medidas de integración paisaxística.

Ademais, a guía conterá unha relación de medidas de carácter xeral, relativas a aspectos comúns a todo tipo de explotación e de recurso, como poden ser os criterios para o acondicionamento de vías de servizo, a elección de especies vexetais, o deseño das instalacións e establecementos de beneficio etc.

### **Estratexia da paisaxe de Galicia**

A Xunta está a desenvolver a Estratexia da Paisaxe de Galicia como unha mostra do apoio á posta en valor, protección e recuperación da paisaxe galega. Trátase dunha política transversal que implica todos os departamentos e que se alongará durante toda a lexislatura, incidindo en accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro, a terra, o territorio e a paisaxe que herdarán as xeracións vindeiras.

O Goberno galego xa ten elaborado varias guías que serven como ferramentas para axudar á integración paisaxística de diversas actuacións, como son a Guía de boas prácticas para intervención nos núcleos rurais, a Guía de boas prácticas para intervención nos sistemas praia-duna, a Guía para a elaboración de estudos de impacto e integración paisaxística, a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados e a Guía de cor e materiais de Galicia.

## **CULTURA RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DO ALGARVE PARA A PROMOCIÓN EXTERIOR DO GALEGO**

- *A Consellería destina 12.000 euros a este acordo, que busca darlle continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo da Facultade de Ciéncias Humanas e Sociais*
- *A través desta colaboración tamén se destina un lector de galego á universidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade do Algarve (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. Desta forma, renóvase o acordo con esta institución académica para favorecer a difusión exterior do galego non só no ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia. O importe destinado ascende a 12.000 euros.

O convenio ten por obxecto darlle continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo da Facultade de Ciéncias Humanas e Sociais. O ensino do galego ofertarase para todos os cursos do Departamento de Artes e Humanidades como materia optativa, e poderá cursarse a partir de 2º curso das correspondentes licenciaturas.

Así mesmo, con cargo a este acordo tamén se organizarán actividades relacionadas coa investigación, a promoción e difusión da lingua tales como cursos, conferencias, seminarios ou congresos; e poderase adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no convenio. Ademais, a consellería destinará á universidade un lector de galego durante a vixencia do convenio.

### **A lingua galega, presente en 35 universidades**

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. Dentro delas, 27 contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Ademais disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a

---

través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

## A XUNTA IMPULSA 13 LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL NOS CALES PARTICIPAN 73 EMPREENDEDORES

- *Os alumnos e alumnas están a formarse co obxectivo de poñer en marcha unha cooperativa ou unha sociedade laboral en 9 concellos galegos*
- *Os proxectos que se están desenvolvendo abarcan diversos sectores, entre os que destacan o agroalimentario, educativo, comercial e ambiental*
- *Para activar esta iniciativa pioneira en Galicia, o Goberno autonómico concedeu axudas a concellos, entidades sen ánimo de lucro e empresas que identificaron novas oportunidades de negocio e seleccionaron os 73 desempregados interesados en emprender*
- *O programa responde ao impulso que a Xunta está dando ao cooperativismo galego a través da Axenda 20 e forma parte do programa de Formación e emprendemento específico para o rural*
- *No que vai de ano constituíronse 56 novas cooperativas e 37 sociedades laborais, fronte ás 40 e ás 29, respectivamente, de todo 2017*

Un novo programa do Goberno galego está a permitir a posta en marcha de 13 laboratorios cooperativos que se desenvolven en 9 concellos do rural e nos cales se están formando 73 emprendedores que teñen un mesmo obxectivo: constituír unha cooperativa ou sociedade laboral. O Consello da Xunta informou hoxe sobre a resolución deste programa.

Os proxectos que se están desenvolvendo nos laboratorios cooperativos forman parte de diversos sectores, entre os que destacan o agroalimentario, o social, o educativo, o comercial e o ambiental. A través desta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria impúlsase a economía social nos concellos da Veiga (Ourense); Ames, Aranga, Arteixo, Bergondo, Oza-Cesuras e Sada (A Coruña); e Pontearreas e Vilagarcía (Pontevedra).

A Administración autonómica, para activar os laboratorios cooperativos no rural, concedeu axudas por un importe próximo aos 125.000 euros a concellos, entidades sen ánimo de lucro e empresas, que foron as encargadas de identificar novas oportunidades de negocio nas súas zonas e de seleccionar as 73 persoas desempregadas que se están formando e que están interesadas en emprender.

En concreto, 3 proxectos están promovidos por concellos; 4 por entidades sen ánimo de lucro, e 6 por empresas privadas. Entre as ideas de negocio destacan as relacionadas con produtos de apicultura; cárnicos; ecolóxicos; servizos a persoas dependentes; limpeza ecolóxica; xardinaría e paisaxismo; repostaría árabe, recollida de

residuos e transformación en compost ecolóxico; ou formación en márketing e vendas, entre outros.

As axudas concedidas polo Goberno galego cobren ata o 80% dos gastos da actividade formativa, de titorización e asesoramento e gastos de coordinación asociados. As cooperativas ou sociedades laborais que se constituán a partir dos laboratorios poderán acollerse á próxima convocatoria de axudas destinada a este fin. Estes apoios son compatibles e complementarios cos do programa Aprol Economía Social, Aprol Rural e o de asesoramento da Rede Eusumo.

### **Fomento da economía social**

A iniciativa, pioneira en Galicia, responde ao impulso que está dando o Goberno galego á economía social na Comunidade. Este ano, para fomentar e promover iniciativas neste sector destínanse un total de 22 millóns de euros. Destacan, ademais das axudas para a posta en marcha dos laboratorios cooperativos, o programa Aprol Economía Social, que inclúe axudas para a incorporación de traballadores e socios que acheguen capital social, e a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo en Galicia. O obxectivo último é apoiar a creación de emprego.

Os laboratorios cooperativos, deste xeito, enmárcase na Axenda 20, a planificación da Xunta en materia laboral para impulsar a estabilidade no mercado de traballo e no programa de Formación e emprendemento específico para o rural. O fomento da actividade empresarial é fundamental para a creación de riqueza e o sostemento do emprego.

A Lei de economía social aprobada polo Goberno galego en maio de 2016 ten contribuído a dar a relevancia que se merece á economía social e impulsar o diálogo a través de novas canles de participación das entidades. Galicia conta na data de hoxe, con 1.344 cooperativas activas e 1.592 sociedades laborais. No transcurso deste ano constituíronse 56 novas cooperativas e 37 novas sociedades laborais fronte ás 40 e ás 29, respectivamente, de todo o ano pasado.



## A XUNTA AFORRARÁ 200.000 EUROS AO ANO COA EXECUCIÓN DE 15 NOVOS PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA QUE INCLUÉN A INSTALACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA EN 21 EDIFICIOS PÚBLICOS

- *O Goberno galego avanza na Estratexia integral de impulso da biomasa con esta nova actuación que, cun investimento de 3M€, suporá a instalación de 3,7MW*
- *Esta iniciativa permitirá un aforro anual de preto de 500.000 litros de gasóleo, así como un consumo de biomasa equivalente á valorización de 2000 toneladas no monte*
- *Súmanse aos 9,3M€ investidos entre 2014 e 2017 que permitiron actuar en 44 inmobles da Administración autonómica co que o aforro alcanzará os 2,2 millóns de euros anuais*
- *A Comunidade rematará 2018 cun total de 5000 caldeiras de biomasa instaladas desde a posta en marcha da Estratexia*

A Xunta investirá un total de 3M€ no desenvolvemento de 15 novos proxectos de eficiencia enerxética que inclúen a instalación de caldeiras de biomasa en 21 edificios públicos. Deste xeito, a Administración galega continúa coa súa aposta por esta fonte de enerxía autóctona, renovable e respectuosa co ambiente.

En concreto actuarase, entre este ano e 2019, no complexo administrativo da Barcia, en Santiago de Compostela e composto por sete inmobles; na sede da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), en San Lázaro; en catro edificios residenciais ou asistenciais (o centro de menores de Santo Anxo da Garda, en Rábade; residencia de maiores de Campolongo, en Pontevedra; residencia de tempo libre en Panxón, Pontevedra; e centro residencial de atención a persoas dependentes de Bembibre, en Pontevedra); en catro albergues situados no Cebreiro, Portomarín, San Lázaro e Triacastela; catro institutos de educación secundaria (Lois Peña Novo, en Vilalba; García Barbón, en Verín; O Tomiño; e Castro da Uz, nas Pontes) e o centro de formación de Coia, en Vigo. En total, instalaranse 3,7MW.

A iniciativa permitirá aforrar 200.000 euros anuais, 0,48 millóns de litros de gasóleo e o consumo da biomasa equivalente á valorización de 2000 toneladas de monte. Ademais, evitará a emisión de 1450 toneladas de CO2 ao ano.

Estas 21 actuacións sumaranse a proxectos singulares como o Ecospital e o *district heating* de San Caetano, e tamén aos 44 edificios en que a Xunta xa actuou desde o ano 2014 ata 2017 e que posibilitaron a instalación de 24MW cun investimento de 9,3M€, ademais dun aforro en enerxía ás arcas da Administración autonómica de 2M€ ao ano que alcanzarán os 2,2 con esta nova actuación.

---

Todas estas iniciativas forman parte tanto da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico de Galicia 2015-2020 como da Estratexia integral de impulso da biomasa con fins térmicos con que se pretende aproveitar un dos recursos enerxéticos autóctonos de Galicia para crear valor e emprego en todo o ciclo produtivo, á vez que se mellora o ambiente co uso dunha fonte menos contaminante.

Ao remate deste ano, a Xunta terá apoiado a instalación dun total de 5000 caldeiras de biomasa –para uso administrativo, en vivendas ou vinculados á actividade empresarial- desde a posta en marcha desta Estratexia en 2014. Entre os seus obxectivos, esta folla de ruta agarda mobilizar 450 millóns de euros, crear 1000 empregos, alcanzar aforros económicos de 70 millóns de euros ao ano ou multiplicar por tres o consumo de biomasa. Tamén favorece a posta en valor de terreos que actualmente non se aproveitan e o fomento dunha xestión sustentable do monte e, en definitiva, a dinamización das áreas rurais da nosa Comunidade.

## **SANIDADE IMPULSA A ESTRATEXIA GALEGA DA ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE CRONICIDADE PARA EVITAR A PROGRESIÓN DA ENFERMIDADE CARA A ESTADÍOS MÁIS COMPLEXOS**

- *Integrará todos os proxectos que se veñen desenvolvendo nos últimos anos nun programa máis coordinado e innovador*
- *Cada paciente contará cun plan individualizado de atención integral e se lle asignará un profesional de referencia encargado do seu seguimento*
- *O sistema sanitario actuará de forma proactiva co paciente e facilitando a corresponsabilidade do paciente, coa toma de decisións compartidas*
- *Preténdese evitar que estas persoas progresen cara a estadíos máis complexos da enfermidade e diminuír a morbi-mortalidade prematura e evitable*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou esta mañá o Consello da Xunta da posta en marcha da Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade. Galicia leva varios anos desenvolvendo programas de atención a pacientes con enfermidades crónicas. Agora dá un paso máis, e coa estratexia galega pretende integrar todos os programas que se veñen desenvolvendo dos últimos anos baixo un modelo integrado máis coordinado e innovador.

A implantación desta estratexia realizarase de forma progresiva, e para iso terase presente a incidencia das diferentes situacións de cronicidade, comezando a súa aplicación por aquelas máis prevalentes e polos pacientes afectados por varias condicións crónicas. Nunha primeira fase, a estratexia iniciarase cos pacientes inmobilizados, entendendo que neste grupo están aqueles en situación total de vulnerabilidade. O Sergas calcula que en Galicia hai 20.948 personas nesta situación.

### **Profesional de referencia e un plan individualizado por paciente**

A estratexia pretende mellorar a atención sanitaria e social das persoas con patoloxías crónicas coa inclusión de cada unha destas persoas nun programa de atención á cronicidade e coa designación dun profesional ou equipo que será o interlocutor tanto para o pacientes como para os seus familiares durante calquera fase do proceso asistencial. Este referente asistencial será un profesional de enfermaría ou un facultativo segundo a complexidade da patoloxía. Unha vez asignado o profesional de referencia, éste realizará unha avaliación de necesidade personalizada, na cal se terá en conta a situación social e sanitaria do paciente, así como a súa dispoñibilidade de servizos.

Outra das grandes novidades é a elaboración dun plan individualizado de atención integral (PIAI), consensuado co paciente e as persoas encargadas do seu coidado. Este plan recollerá os plans terapéuticos, e tanto os obxectivos asistenciais que suxira o

---

profesional de referencia como os que suxire o propio paciente ou os seus cuidadores; isto é, por primeira vez cóntase co paciente de forma real no proceso de toma de decisións. O persoal de referencia asignado ao paciente será o encargado da xestión, seguimento e avaliación do PIAI.

A estratexia da cronicidade busca a implantación dun modelo de atención baseado nun sistema sanitario que sexa máis proactivo, é dicir, que os profesionais sanitarios teñan identificados os pacientes crónicos e realicen contactos de forma preventiva adiantándose ás patoloxías crónicas. Ademáis a estratexia está baseada tamén nun paciente activo e participativo: permitindo a toma de decisión compartidas no seu plan individualizado e facilitando a corresponsabilidade no seus cuidados.

A continuidade asistencial é outro dos grandes eixes da estratexia. Nesta liña, as actuacións están dirixidas a acadar unha atención integral coordinando a atención social e sanitaria, incidindo especialmente en mellorar as transicións das persoas con patoloxías crónicas entre o centro de saúde e o centro hospitalario.

Con esta estratexia preténdese evitar que as persoas con patoloxías progresen cara estados máis complexos da enfermidade, manter o estado funcional do paciente axustado ás súas condicións de vida actuais, e diminuír a morbi-mortalidade prematura e evitable.

Tamén son obxectivos da estratexia: achegar valor a estes pacientes; mellorar a satisfacción dos enfermos crónicos e dos seus familiares e cuidadores, así como de todo o persoal encargado na súa atención; mellorar a motivación e implicación dos profesionais e garantir o confort e calidade de vida destas persoas.

## A XUNTA FACILITOU A PARTICIPACIÓN DE PRETO DE 10.000 MOZOS E MOZAS GALEGAS NAS ACTIVIDADES DA CAMPAÑA DE VERÁN 2018

- *Galicia segue a ser referente a nivel estatal, tanto pola variedade da programación como pola cantidade de prazas dispoñibles*
- *A Administración autonómica investiu 3,2 millóns de euros nesta edición da Campaña de Verán, o que permitiu a contratación de preto de 1000 profesionais do eido do tempo libre*

O Consello da Xunta analizou hoxe o balance da programación da Campaña de Verán 2018 da Consellería de Política Social, que baixo a lenda 'Vive a túa aventura' ofertou 9870 prazas —un 3% máis que en 2017— para a participación da mocidade en campos de traballo e campamentos.

Trátase do sétimo ano en que se incrementa o número de prazas e o investimento superou os 3,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 8,7% con respecto ao ano anterior. Esta cantidade permitiu contratar preto de 1000 profesionais como directores, monitores e outros perfís do eido do tempo libre.

Galicia é unha das comunidades autónomas de referencia nacional no que respecta ás actividades de tempo libre, e multiplica por cinco o número de prazas que oferta Andalucía, que é a seguinte comunidade que máis prazas pon á disposición da xuventude.

No marco desta campaña de verán, desenvolvéronse actividades como O galego campa, para fomentar o uso da lingua galega; Conecta con Galicia, que permitiu que 150 descendentes de galegos de América visitasen a nosa comunidade; varias actividades destinadas a promover o respecto ao ambiente e a protección do patrimonio natural; e como novidade, unha actividade de vídeo *mapping* e outra de iniciación á pilotaxe de drons co obxectivo de fomentar as vocacións tecnolóxicas da mocidade.

Cómpre destacar que un ano máis a campaña de verán foi plenamente inclusiva xa que, ademais das 170 prazas que se reservaron para campamentos específicos para persoas con discapacidade, 89 mozas e mozas con diversidade funcional participaron nos campamentos ordinarios, que tamén se ofreceron de xeito gratuíto a fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero e menores en situación de garda ou tutela.

O eixe da campaña foron un ano máis os campamentos, para os que se ofertaron preto de 6500 prazas e máis de 300 para campamentos noutras comunidades autónomas. O

nivel de coñecemento destas actividades na sociedade galega plásmase en que, un ano máis, as solicitudes seguen aumentando e nesta ocasión superaron as 10.300.

Ademais, ofrecéronse 1200 prazas concertadas en albergues e campamentos da Xunta, nos cales os concellos, asociacións xuvenís e outros colectivos puideron organizar as súas propias actividades de tempo libre.

No que respecta a campos de traballo, Galicia segue a ser líder a nivel estatal en canto a oferta de prazas, xa que 925 mozos e mozas puideron participar en campos ambientais, etnográficos, sociais, culturais, arqueolóxicos, audiovisuais e de dinamización.

## GALICIA REPOBOARÁ CON ESPECIES AUTÓCTONAS PRETO DE 530.000 METROS CADRADOS DE SUPERFICIE PARA O MARISQUEO

- *Esta repoboación será realizada por 13 confrarías de pescadores e unha asociación en bancos das súas respectivas zonas a través de sementeiras de ameixa babosa, ameixa fina e ameixa rubia*
- *A Consellería do Mar subvenciona estas e outras accións ao abeiro da convocatoria de axudas de 2018 a proxectos colectivos para as anualidades 2018 e 2019 para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños*
- *En total, na convocatoria de 2018 destas achegas, a Consellería do Mar aprobou 36 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro*
- *Tamén se subvencionan proxectos que inclúen accións como a remoción de substrato e achega de agregados para promover a reprodución de organismos mariños nunha superficie de máis de 1,4 millóns de metros cadrados*

A Consellería do Mar subvenciona a repoboación de 530.000 metros cadrados de superficie para o marisqueo con especies autóctonas ao abeiro da convocatoria de axudas de 2018 a proxectos colectivos para as anualidades 2018 e 2019 para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños. Esta repoboación será realizada por 13 confrarías de pescadores e unha asociación en bancos das súas respectivas zonas e para realizala prevese utilizar máis de 28 millóns de unidades de semente de ameixa babosa, ameixa fina e ameixa rubia.

As entidades que se beneficiarán destas sementeiras de ameixa son as confrarías de Carreira-Aguiño, Miño, Corcubiión, Moaña, Carril, Cabo de Cruz, Cambados, Barallobre, Vigo, Vilaboa, O Grove, Mugardos, Vilanova e a Asociación Marisqueira a Flote Ría de Vigo. Estas actuacións forman parte dalgúns dos proxectos colectivos que subvenciona a Consellería do Mar a través das axudas para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.

En total, ao abeiro da convocatoria de 2018 destas achegas, a Consellería do Mar aprobou un total de 36 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro por un importe de preto de 1,3 millóns de euros. Unhas axudas das cales se benefician 19 entidades, a maioría confrarías de pescadores do mesmo xeito que en anos anteriores. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de 2018 destas axudas.

O informe especifica que o 67% do importe destas axudas concedidas na convocatoria de 2018 son para entidades da provincia de Pontevedra e o 33% para entidades da provincia da Coruña. Ademais dos proxectos que inclúen repoboación de especies autóctonas, ao abeiro desta convocatoria tamén se aprobaron iniciativas que inclúen accións como a remoción de substrato e achega de agregados para promover a reprodución de organismos mariños nunha superficie de máis de 1,4 millóns de metros cadrados. Tamén hai proxectos relacionados coa retirada de especies exóticas potencialmente invasoras, como a caracola cañaílla, e co control da poboación natural de berberecho.

Destas axudas benefíciense as confrarías, organizacións de produtores e entidades asociativas do sector titulares de plans marisqueiros en réxime de coexistión e con sede social en Galicia. A través delas apóianse proxectos colectivos que se desenvolven en Galicia e que teñen por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúen a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños.

Estes proxectos redundan na ampliación das zonas de traballo do sector marisqueiro e na mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros. Tamén permiten ás entidades do sector conservar o estado do recurso e a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras. Ademais estes proxectos contribúen a impulsar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia desde unha perspectiva ambiental e socialmente responsable.